

INSTRUCCIÓN Nº1/2020 sobre a interpretación do artigo 15.3.f) e g) da Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2020.

Mediante a Resolución do 18 de decembro de 2019 aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2020 (DOG n.º13, do 21 de xaneiro).

Esta convocatoria de axuda vai dirixida a todos os concellos de Galicia que pretendan executar un proxecto de rehabilitación e/ou reforma dos seus mercados municipais e prazas de abastos, co obxectivo final de mellorar as condicións de comercialización dos produtos agroalimentarios.

Neste contexto, e tendo en conta que se trata dunha convocatoria de axudas que se xestiona en réxime de concorrencia competitiva, fíxose necesario determinar uns criterios de selección de operacións, co fin de priorizar as solicitudes de axuda presentadas polos concellos interesados. Para estes efectos, o artigo 15 da citada norma recolle os criterios de selección de operacións. En concreto, valoraranse aspectos relativos á:

1. A localización xeográfica da actuación,
2. A boa xestión do concello,
3. A actuación proposta polo concello.

Neste último apartado e, no que a este caso afecta, determináronse como criterios de selección das operacións, entre outros:

-Que no mercado ou praza de abastos existan puntos de venda que oferten produtos en canais curtos de comercialización, produtos de proximidade e/ou ecológicos. O cumprimento deste ítem valorarase con 10 puntos (artigo 15.3.f das bases reguladoras).

-Que no mercado ou praza de abastos existen puntos de venda que oferten produtos agroalimentarios con Denominacións de Orixe Protegida ou con Indicación Xeográfica Protegida, recoñecidas pola lexislación autonómica de Galicia. O cumprimento deste ítem valorarase con 8 puntos (artigo 15.3.g das bases reguladoras).

No proceso de instrucción das solicitudes de axuda púxose de manifesto que unha parte importante das solicitudes presentadas non concretaban e/ou identificaban de xeito inequívoco os



puntos de venda e produtos que cumprían os requisitos referidos no artigo 15.3.f) e g) das bases reguladoras.

Dado que esta identificación debe ser inequívoca, por canto determina a asignación da puntuación correspondente na fase do baremo e, polo tanto, pode ser determinante da subvencionabilidade do proxecto, cómpre establecer que se consideran, para os efectos desta convocatoria, produtos ofertados en canais curtos de comercialización, produtos de proximidade, ecológicos, así como cales son os produtos con Denominacións de Orixe Protexida ou con Indicación Xeográfica Protexida, recoñecidas pola lexislación autonómica de Galicia.

Tendo en conta o anterior, o director xeral de Agader, ao abeiro da disposición derradeira primeira da Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2020, acorda ditar a presente instrución interpretativa e aclaratoria dos conceptos referidos nos artigos 15.3.f) e g) das referidas bases reguladoras.

I. Produtos ofertados en canais curtos de comercialización.

O Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga el Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, inclúe unha referencia expresa ás cadeas de distribución curtas de comercialización, e recoñece a necesidade de reforzar as relacions entre os axentes da cadea alimentaria e a importancia de comprender como funcionan estes canais. O citado Regulamento fixa no artigo 2 o concepto de "cadea de distribución curta" como unha cadea de distribución na que intervén un número limitado de axentes económicos, dedicados á cooperación, o desenvolvemento económico local e as relacions xeográficas e sociais de proximidade entre os produtores, os transformadores e os consumidores.

Este concepto complétase, á súa vez, polo Regulamento Delegado (UE) nº. 807/2014, da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa a regulación antes citada. O artigo 11 desta norma, no marco das medidas para a creación e desenvolvemento de cadeas curtas de subministración limita o apoio da Unión Europea únicamente a aquelas cadeas nas que non interveña máis dun intermediario entre produtor e o consumidor.

Para os efectos desta convocatoria de axudas, enténdese que son produtos ofertados en canais curtos de comercialización aqueles produtos que son obxecto de venda realizada directamente polo/a produtor/a á persoa consumidora final, ou mediando un único intermediario.



II. Produtos de proximidade

Os produtos de proximidade son aqueles que se producen na contorna territorial más próxima respecto do punto de venda.

Dado que non existe unha definición legal nin consensuada sobre o límite espacial que se debe ter en conta para os efectos de considerar esta proximidade, a delimitación territorial das comarcas, determinadas pola agrupación de municipios limítrofes con características comúns, segundo o Decreto 65/1997, do 20 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia, pode constituírse como criterio a ter en conta para estes efectos.

Por outra banda, cómpre ter en conta que determinadas producións propias dunha determinada zona poden exceder do ámbito territorial administrativo dunha comarca concreta, razón pola cal parece razonable considerar, dentro do concepto de produto de proximidade, as comarcas limítrofes.

Así pois, e tendo en conta a estrutura territorial de Galicia, e para os efectos do disposto nesta convocatoria de axudas, poden definirse como produtos de proximidade aqueles produtos producidos e/ou colleitos na comarca na que se realiza a venda, ou ben en comarcas limítrofes.

III. Produtos ecológicos.

O control e a certificación dos alimentos ecológicos son a garantía para o consumidor de que se cumpre co establecido na normativa europea de producción ecológica que, ademais, protexe os termos empregados no etiquetado. É dicir, que só os produtos con certificación ecológica poden facer referencia aos termos ecológico-biológico ou orgánico.

Polo tanto, para os efectos do establecido no artigo 15.3f) das bases reguladoras, son produtos ecológicos aqueles que contan cos correspondentes selos de acreditación ecológica.

IV. Produtos con denominacións de orixe protexida ou con indicación xeográfica protexida, recoñecidos pola lexislación autonómica de Galicia.

Para estes efectos, terán esta consideración aqueles produtos recoñecidos cunha denominación xeográfica de calidade (denominación de orixe protexida e indicación xeográfica protexida) ao abeiro da Lei 9/2005, do 18 de febreiro, da promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, segundo o listado que se recolle a continuación:

-Viños, augardentes e licores tradicionais.

DOP Monterrei

DOP Valdeorras

DOP Ribeiro



DOP Rías Baixas

DOP Ribeira Sacra

IXP Barbanza e Iria

IXP Ribeiras do Morrazo

IXP Val do Miño-Ourense

IXP Licor Café de Galicia

IXP Licor de herbas de Galicia

IXP Orujo de Galicia/Augardente de Galicia

IXP Augardente de Herbas de Galicia

-Queixos e Mel

DOP Cebreiro

DOP Queixo Galicia

DOP Arzúa-Ulloa

DOP San Simón da Costa

IXP Mel de Galicia

-Produtos cárnicos

IXP Ternera Gallega

IXP Lacón Gallego

IXP Capón de Vilalba

IXP Vaca galega/Boi galego (aprobación transitoria por parte do Estado español)

-Produtos de orixe vexetal

IXP Faba de Lourenzá

IXP Grelos de Galicia

IXP Pataca de Galicia

IXP Castaña de Galicia

IXP Pemento de Arnoia

IXP Pemento de Mougán

IXP Pemento de Oimbra

IXP Pemento do Couto

DOP Pemento de Herbón

-Panadería e repostería

IXP Pan de Cea

IXP Tarta de Santiago

IXP Pan galego

-Produtos do mar

DOP Mexillón de Galicia



V. Publicidade.

Esta instrucción publicarase na páxina web da Agader e comunicarase a todos os concellos solicitantes dunha axuda ao abeiro da Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas con Feader no marco do PDR de Galicia 2014_2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2020.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Agader
(Asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

